

Monte Boi - Monterreal. Baiona de Miñor

ANTONIO TABOADA TÁBOAS*

Tres mil metros de muralla pétreá cinguen o actual Parador Nacional Conde de Gondomar, en Baiona, vella vila mariñeira no sur de Pontevedra. A fortaleza aséntase na península coñecida de antigo como Monte Boi, posible emprazamento da vella Erizana, testemuñado polo material castrexo que subxace no seu solar: rastros de antigos muros e abundante cerámica, tanto autóctona como de importación (romana). No contexto prehistórico debemos incluír a extensa superficie rochosa que se sitúa nas máximas cotas, amosando máis de sesenta cazoletas labradas na súa superficie, con diámetros que oscilan entre 10 cm e 4 cm e 5/6 cm de profundidade, posible mesa de ofrendas ou rituais de culto relacionados coa teogonía castrexa¹.

Non é desdeñable o suposto de que, nos primeiros séculos da nosa era, coa romanización, a poboación pasa do Monte Boi ao actual barrio da Percevilleira, lugar polo que transcorre a vella vía que nos leva á Fonte Danta, pasando por San Antón e continúa, serpeando pola costa, cara ao río Miño.

Aínda que o tótem deste reduto é o boi, reflectido na figura adosada á muralla, nas costas do Parador e fronte á porta do Pozo ou de San Francisco, o topónimo de Monte Boi puidera relacionarse co pobo celta dos *boiis* ou *boyos*, asentados até o seu exterminio entre a actual Hungría e a Italia transalpina.

Hoxe contemplamos o resultado de múltiples ruínas, destrucións e reformas que este recinto sufriu no decorrer da Historia. Coa axuda da exigua documentación da que hoxe dispomos e mediante un estudo comparativo dos signos lapidarios labrados nos perpiaños das súas murallas, pretendemos establecer unha cronoloxía relativa dende a súa orixe ao presente. Algúns destes signos xa foron publicados con anterioridade².

No interior do recinto amurallado e na actualidade móstranse tres construcións que tamén consideraremos na nosa relación e que son o almacén de Madrugá, o pozo e mais a cisterna. O almacén de Madrugá coñécese hoxe como Casa de Pedro Madrugá.

DATOS HISTÓRICOS

26 de decembro de 1337: Afonso XI e a petición do Concello da Vila de Baiona accede a que *levanten una torre en aquel lugar que dicen monte de boy por do fue*

*entrada (por las fuerzas del Rey de Portugal) et otrosi cercar la dicha villa de parte de la ribera de la mar. Et por quanto ellos ficaron tan nobles e estragados que nos enbiaron pedir por merced que vos mandasemos dar para ayuda desto un pedrero de cada casa*³.

11 de xuño de 1390: asinada a paz co reino de Portugal, o Concello da Vila de Baiona móstralle ao monarca Juan I carta pola cal seu pai Henrique II de Castela fixo xuramento de que *“la dicha Villa de Bayona de Miñor fuese siempre de la Corona Real... e nos non sabiendo esto al tiempo que el Duque de Lancaster estaba en Galicia y estando la dicha Villa de Bayona por el Duque, en nuestro deservicio, fesimos merced de la dicha Villa a Vasco Peres de Camoes, mi vasallo*”. Vasco Peres de Camoes puxo a vila de Baiona a disposición do Duque de Lancaster, polo que lle recrimina o seu deservizo e o desposúe do señorío da Vila, recuperándoo para a Coroa. Descontento o Rei polas facilidades que a vila lle dera ao de Lancaster, dispón: *“Les condenamos e mandamos que se despueble el lugar donde agora esta poblado y se pueble en (ilexible) y fagan cerca nueva por los lugares y a la manera y al término que les dijera Lopes de davalos de nuestra parte. Dada en la cibdad de (roto), a los once dias del mes de junio de 1390*”. Continúa o citado documento coa confirmación do Rei Henrique III de Castela, con data 15 de decembro de 1393⁴. Este documento foi recuperado por D. Xosé M^a Álvarez Blázquez, na súa vella almoeda do Paseo de Afonso XII da cidade de Vigo, doado posteriormente con outra documentación á Fundación Penzol, onde se atopaba hai uns cinco ou seis anos. Hoxe está desaparecido.

15 de xaneiro de 1497: é a data da Real Cédula subscrita polos Reis Católicos, dende Burgos: *...de que la población de la dicha Villa de Bayona Miñor se pasa-se e se mudase a monte de boy que es junto a la dicha Villa que agora mandamos llamar Monterreal porque ello estará más fuerte e más segura la dicha Villa e vecinos della lo cual por nuestro mandato fue platicado con los vecinos de la dicha Villa por Don Diego López de Haro nuestro gobernador en Galicia e que se pasaron los vecinos de Bayona a la dicha Villa de Monterreal e que allí tienen sus casas pobladas desde primero de mayo del pasado año de noventa y seis por quanto nuestra merced e voluntad es que lo susodicho se faga*⁵.

1520: a corte de Carlos V impulsa a fortificación de Monterreal; os antigos muros, pontes e calzadas de acceso á vila estaban inservibles⁶.

1533: a porta principal atópase derrubada⁷.

1544: con acordos en datas do 21 de marzo e 5 e 8 de abril, o Concello fixa a traza e bases para a construción da Torre do Reloxo (Porta do Sol)⁸.

1545: érguese a porta principal e sobre dela constrúese un baluarte, chamado da Porta Real⁹.

1550: os muros de Monterreal están a punto de concluírse, coas súas dúas torres sobre as portas principais¹⁰.

5 de xullo de 1579: data da carta subscrita polo rei Felipe II, ordenando a *Jorge Fratino mi ingeniero, se persone en la Villa de Bayona de Miñor y estudie las defensas de la misma y la obra a realizar, para su mejora, dejando la traza y orden dello al Capitán Gomez Pérez de las Mariñas, que las ha de tener al cargo. Dada en El Pardo, en la dicha fecha*¹¹.

6 de xaneiro de 1580: segundo acta desta data o Concello da Vila de Baiona adxudica ao mestre canteiro Pedro González o remate da obra da muralla de Monterreal, segundo bases e traza deseñadas por Jorge Fratino, enxeñeiro real¹².

8 de xaneiro de 1580: a Vila acorda rematar a obra do pozo en Monterreal a Pedro de Campo, en 520 ducados, segundo traza e maneira que se detalla en dita acta¹³.

1 de xullo de 1580: o Concello acorda libranza de 25 ducados a Teresa Vázquez pola venda á Vila do terreo da súa propiedade onde se constrúe o pozo¹⁴.

1 de abril de 1581: o Concello ordena que se lle pague o acordado ao mestre canteiro Pedro del Campo¹⁵.

5 de novembro de 1587: pago efectuado nesta data a Pedro del Campo para gastos dos mestres e peóns que traballaron nas murallas: 150 reais¹⁶.

14 de novembro de 1587: *Se le paga al maestro cantero Pedro del Campo 535 reales que valen 18.190 mrs. por orden del Capitán Antonio de la Puebla en virtud de una orden y cédula del Sr. Marqués de Cerralbo, Gobernador y Capitán General deeste reyno de Galicia, firmado de su nombre y fecha en La Coruña el 1º de noviembre por la cual manda pagar a las personas que trabajaron en esta muralla alta, la cantidad de 1000 reales*¹⁷.

6 de marzo de 1589: *el cantero Pedro del Campo recibe 429 reales que valen 14.856 mrs. por gastos que se hicieron en la fabrica y reparación de las murallas... cuya libranza dio el Capitán Antonio de Puebla en virtud de orden del Marqués de Cerralbo. Dada en La Coruña el III de marzo de 1.587*¹⁸.

10 de decembro de 1589: páganselle ao Capitán Antonio de Puebla 28 reais polo gasto que causou desfacer o **revellín** da porta da ovella e meter a pedra¹⁹.

TORRE DO RELOXO

Flanquea a Porta do Sol. A súa forma cuadrangular cobre unha superficie de 25m², acadando unha altura de 17m dende a súa base²⁰. Nesta torre houbo un reloxo coa súa campá, datada en 1510. En 1542 fúndese nova campá e en 1551 componse o reloxo e mais a campá²¹. Esta campá non resultou óptima, posto que en

1553 fúndese e instálase unha nova. Hai constancia de que neses anos se levan a cabo traballos na súa estrutura.

Unha das actuais campás da Igrexa de Santa María desta vila procede desta Torre e, segundo consta na mesma, fundiuna o Mestre Pellón.

PORTA DO SOL

Segundo Ulpiano Nogueira²², tanto esta porta coma o baluarte anexo construíronse por mandado de Pedro Bermúdez, gobernador da vila, en 1586. Entre varios pagamentos efectuados con data do 23 de decembro de 1572, destacamos a seguinte nota: *al Juez de Bahiña Juan Durán 1.500 maravedises de 150 carros de piedra que los vecinos de Bahiña carretaron para la Puerta del Sol y Puente de Sabarís*²³.

TORRE DO PRÍNCIPE

Ano de 1558: *El corregimiento acuerda que la Torre del Príncipe y baluarte fuerte que se ha de construir, se haga de la traza y hechura que está en la torre y baluarte principal de la villa*²⁴.

Ano de 1561: O licenciado Salgado Correa saíu para a corte da S.M. a pedir o seguinte (expón unha relación dos defectos e problemas que se han de subsanar en Monterreal; destacamos o que segue): *... se rehiciere y reparare la Torre del Príncipe que está a la entrada del puerto y sirve de atalaya y que tiene un farol en tiempo de invierno para muestra de naos y navíos...*²⁵

4 de abril de 1563: *Reunido el Consistorio acuerda rematar la obra de la Torre del Príncipe. El maestro cantero Juan de Larcada remata la obra en seiscientos cincuenta ducados, comprometiéndose a comenzar los trabajos en primero de Julio y terminarlos en nueve meses*²⁶.

1875: Neste ano adquire Monterreal o Marqués do Pazo da Mercede. A Torre do Príncipe estaba medio derruída e o novo propietario reconstruíuna tal e como a vemos no presente.

POZO

8 de agosto de 1579: O mestre canteiro Pedro del Campo solicita dez ducados a conta do traballo que está a facer para tirar auga de Monterreal²⁷.

16 de setembro de 1598: *En lo alto de Monterreal y Villa de Bayona, mandó V.M. se hiciera un pozo para que dentro de los muros no faltara agua en tiempo que cercada estoviese de enemigos, el que se está haciendo y del que se deben a los oficiales quinientos y cincuenta ducados...*²⁸

CISTERNA

Ano de 1642: *El Marqués de Valparaíso, Gobernador y Capitán General, mandó construir esta cisterna en el año de 1642 reinando Felipe IV y siendo gobernador de la Villa el Capitán y Sargento Mayor Tomás Pardo. La construyó el maestro cantero Antonio Martínez, natural de La Coruña de Galicia*²⁹.

PORTA REAL

21 de xaneiro de 1555: *El Mayordomo Alonso Vidal paga de las sisas doscientos quince reales y un cuartillo a los carreteros que acarrearon la piedra para la calzada, el crucero y la fuente, puente nuevo y torre de la Barbeira que va a dar y pasar el baluarte y puerta principal de Monterreal que se dice Puerta Real*³⁰. Segundo Martín Barreiro, esta porta foi construída no século XVI, sen concretar data³¹.

26 de marzo de 1573: Ao canteiro Juan Pérez páganselle catrocentos vinte reais por aderezar a obra da artillaría e baluarte da Porta Real e o baluarte da Porta da Ovella³².

PORTA DE FELIPE IV

Trátase do primeiro acceso ao recinto fortificado. Baixo o escudo da Casa de Austria hai unha inscrición que réza: *Reinando en España la católica Majestad de Felipe IV... se fortificó año de 1656*³³.

BALUARTE DA MEDIA LÚA

Nos seus perpiaños existiu unha inscrición como segue: *Reinando el Rey nuestro Señor Carlos II año de 1666*.

O escudo correspondente a esta inscrición decora a porta aberta na muralla para facilitar o acceso ao Parador³⁴.

CASA DE PEDRO MADRUGA

Adosada ao paramento interior da muralla, próxima á porta de acceso ao segundo recinto e baluarte da Concheira, amósasenos un vello edificio do que destacamos, na súa fachada, porta e ventá de factura conopial, o que nos certifica a súa antiga orixe.

No plano xeral de Monterreal, levantado no século XVIII, sinálase este edificio como “almacén de Madruga”. (Lámina 7)

LÁMINAS

Como información complementaria aos datos históricos até aquí relacionados, inclúense dez láminas que a continuación relacionamos.

Láminas 1, 2 e 3, nas que se recompilan 214 marcas de canteiro recollidas no contorno amurallado do Monte Boi (*Actes du VIe colloque international de glyptographie de Samoëns*, da nosa comunicación). Polo trazo e expresividade das marcas copiadas, poderemos clasificalas en dous grupos: as de trazo máis groso e suco en “U” corresponderían aos signos alfabetiformes, característicos do románico, e os demais, figurativos ou xeométricos e tamén con suco en “U”, son característicos do inicio do noso gótico. As marcas de trazo máis fino e estilizado, suco en “V”, máis coidado o seu labrado, quizais con mellor ferramenta, considerámolas de pleno gótico.

Os signos lapidarios do primeiro grupo, os máis numerosos, localízanse en todo o recinto estudado, como se detalla a continuación. A maleza que cobre a base da muralla non nos permitiu o estudo da súa totalidade nos lenzos e baluartes comprendidos entre a porta de san Antón e a Torre do Príncipe e esta e o baluarte da Ferrería. Estas zonas investigámolas seguindo o seu adarve e revisando os seus perpiaños até cotas perfectamente visibles. Esta sección da muralla conserva aínda íntegro o ameado, característico das fortalezas medievais.

Os signos lapidarios do segundo grupo están perfectamente datados, como xa vimos, seguindo os datos históricos. Neste grupo inclúense obras ou reformas puntuais: Porta do Sol, Porta Real, Torre do Reloxo, Torre do Príncipe, Pozo, Almacén de Madruga e Cisterna, datables nos séculos XVI e XVII.

Coa finalidade de facilitar a situación das marcas copiadas, decidimos eliminar do plano nº 8 os perfis correspondentes á edificación alí constatada, agás os nº 10, 22 e 23, que se refiren ao almacén de Madruga, pozo e cisterna. Iniciamos o percorrido de costas ao almacén de Madruga (nº 10 do plano nº 9), seguindo ao número 13 (Porta do Sol e Porta do Reloxo); seguimos ao nº 2 (Porta Principal ou Real), continuamos o noso percorrido até o nº 4 (Torre da Tinalla, Batería de San Antón e Porta de San Antón), nº 6 (Torre do Príncipe), nº 8 (Porta do Pozo ou de San Francisco), nº 9 (Batería da Ferraría), percorrido que se refire a ámbolos paramentos da muralla.

Unha das marcas de maior envergadura, a nº 149 (lámina 2), localízase no baluarte da Ferraría, tomada por calco (altura de 25cm, suco de 7mm e ancho de 6mm). Esta marca repítese na catedral de Tui, na capela dedicada ao bispo Xoán Fernández de Soutomaior, construída no primeiro terzo do século XV, entre 1415 e 1430 (Boletín do Museo e Arquivo Histórico Diocesano de Tui, Ernesto Iglesias Almeida, tomo III, 1980).

Os nº 83 e 85 tamén corresponden ao baluarte da Ferraría. A nº 85 repítese no lenzo entre a Porta Real e a Tinalla.

Do nº 1 ao 173, agás as que imos sinalar, ubícanse en lenzos e baluartes (ámbolos paramentos) comprendidos nos números 10 /16 / 2 / 4 e 5 do plano referido, así como nos 8 e 9 (Porta de San Francisco e Ferraría).

Do 160 ao 163, inclusive, corresponden ao interior do pozo. As 165, 167 e 168 ao interior da cisterna. Do 174 ao 193, inclusive, labradas nos perpiaños da cisterna.

Da 169 á 173, inclusive, corresponden ás dovelas do arco da Porta de San Francisco. Aquí tamén se repite a nº 175/176, marca moi repetida en todo o recinto.

As nº 74, 133, 134 e 135 corresponden a perpiaños do Almacén de Madruga. Da 194 á 202, inclusive, aparecen na Porta Real. A nº 4 e a 198 repítense no campanario da igrexa de Sta. Maria (ex-Colexiata). Da 203 á 209, inclusive, localizadas na Porta do Sol. Da 208 á 214, inclusive, corresponden ao baluarte da Ponte, hoxe convertido en porta de acceso ao parador Conde de Gondomar.

Desde a Porta Real iníciase parapeto que protexe a vella calzada de acceso entre a citada porta e a do Sol, seguindo pola Ponte, fundíndose co reduto denominado do Caranguexo, ao sur da cal hase de engadir, posteriormente, a Media Lúa do Condestable (nº 17 do plano). Neste parapeto localízanse os números 6,12, 14, 15, 17, 19, 49, 50, 74, 113, 130, 131 e 132.







Lámina nº 4: Parte dunha inscrición labrada en perpiaño, posiblemente reutilizado, incluído no lenzo norte da muralla que actualmente delimita o Club de iates Monterreal. De caracteres góticos, moi desgastados, fan difícil a súa lectura, que deixamos para expertos paleógrafos. Pese a iso, atrevémonos a datala entre os séculos XIV e XV: 1393, cando López de Avalos fortifica Erizana, seguindo instrucións do Rei Juan I de Castela, ou ben 1497, cando os Reis Católicos cambian o nome de Erizana polo de Monterreal. En ámbolos casos preténdese que a poboación pase intramuros.




Lámina nº 5: É o plano máis antigo do actual Monterreal, localizado no Arquivo Xeral de Simancas, así como os restantes, agás o 09, por tratarse de fotografía aérea, de recente toma.




Lámina nº 6: Trátase dunha ampliación da 5, que amosa os cambios que propoñen os enxeñeiros de Felipe II, entre eles a construción do baluarte novo que había eliminar a antiga fortaleza.

Dentro do círculo que enmarca a vella fortaleza apréciase unha torre fortificada con muralla de seis cubos, que se estende cara ao interior do Monte Boi e no seu extremo oriental apréciase un cubo que, segundo intuímos, trátase da Torre concedida polo Rei Afonso XI e a muralla de seis cubos que se cita sería a fortificación ordenada por Henrique II (“A la manera y al término que les dijera López de Avalos...”), opinión exposta por D. Xaime Garrido en *Faro de Vigo* (19/1/1992), que nós corroboramos. Agradecemos ao Sr. Garrido as copias dos planos localizadas por el no Arquivo Xeral de Simancas e sobre as que versa o noso estudo.




Lámina nº 7: Plano da vila de Monterreal e Baiona “según se halla en el año de 1727” (Arquivo Histórico do Exército).




Lámina nº 8: Copia do anterior eliminados os edificios, agás a cisterna, o pozo e o almacén de Madruga. Sobre este plano imos situar os signos lapidarios que relacionamos.

Explicación dos números indicados:

1. Recinto antigo
2. Porta Real
3. Torre da Tinalla
4. Bateria de San Antón
- 5.
6. Bateria e Torre do Príncipe
7. Bateria de Santiago
8. Porta do Pozo ou de Santiago
9. Bateria da Ferraría
10. Porta e Almacén de Madruga
11. Segundo recinto ou falsa braga
12. Baluarte da Cuncheira
13. Baluarte do Medio
14. Baluarte do Reloxo
15. Baluarte da Ponte
16. Porta do Sol
17. Media Lúa do Caranguexo
18. Media lúa do condestable
19. Espigón
- 20.
- 21.
22. Pozo
23. Cisterna




Lámina nº 9: Corresponde á fortificación levada a cabo en 1656, cando reinaba en España Felipe IV. Dez anos máis tarde (1666), cando reinaba Carlos II, constrúese o baluarte da Media Lúa, sobre a praia da Ribeira.




Lámina nº 10: Vista aérea de Monterreal.

Vista a distribución das marcas de canteiro nos perpiaños da muralla do Monte Boi e os datos históricos relativos a obras realizadas en diversas datas no pozo, nas portas, nas torres, na cisterna etc., así como os deseños deixados polo enxeñeiro de Felipe II e planos posteriores do Monte Boi, permitímonos as seguintes

CONCLUSIÓNS

- 1337: Primeiro reduto defensivo do Monte Boi.
- 1390: Henrique II ordena “fagan cerca nueva” (fortaleza de seis cubos reflectida nos planos de Palearo).
- 1497: Os Reis Católicos ordenan que se ocupe o Monte Boi baixo o nome de Monterreal. A vila carece de muralla, segundo se cita en notas relativas aos anos 1505/6 e o pobo reclama o cumprimento da promesa de fortificar a nova vila, feita por Diego López de Haro.
- 1520: A corte de Carlos V ordena levar a cabo a fortificación de Monterreal.
- 1533: Xa existe fortificación, posto que se cita que a Porta Principal está derruída.
- 1544: Traza e bases para a construción da Torre do Reloxo.
- 1545: Érguese a Porta Principal e, sobre ela, o baluarte chamado da Porta Real.
- 1550: Cítase “a punto de rematarse los muros de Monterreal, con sus dos Torres sobre las puertas principales”.
- 1558: Acórdase a construción da Torre do Príncipe.
- 1579: Jorge Fratino estuda a defensa da vila, reformas e obras que se deben realizar.
- 1580: A vila adxudícalle ao mestre canteiro Pedro Gómez “el remate de la obra de la muralla de Monterreal...”
- 1580: Acordos sobre a compra do solar e obra do pozo.
- 1581: Pagamento a Pedro del Campo a conta dos traballos que está a levar a cabo na muralla.
- 1587: Séguese a traballar na muralla. Páganse a Pedro del Campo 18.190 mrv por fábrica e reparación concertada da obra da muralla.
- 1589: O mestre canteiro Pedro del Campo recibe 14.856 mrv para gastos na fábrica e reparación da muralla.

As primeiras fortificacións do Monte Boi están perfectamente definidas e datadas segundo pergamiños dos anos 1337 e 1390, comentados.

O que xa non se define tan nitidamente é o inicio da actual obra amurallada de Monterreal. Observamos discrepancias entre datas que citan algunhas referencias documentais manexadas para o noso estudo, así como baleiros cronolóxicos na información documental que se pode recabar en arquivos por deterioro e destrución. Baiona dispuxo dun arquivo ben documentado, que se comezou a destruír cando a vida oficial da vila pasa de Monterreal á vila vella. Grande parte do material a salvo pérdese entre os anos 1930 e 1940.

Cando os Reis Católicos repoboan Monte Boi, baixo o novo nome de Vila de Monterreal, tal asentamento carece de defensas e prométeselle ao pobo a súa construción. Han de pasar 98 anos para que Monterreal estea perfectamente amurallado.

En 1533 existe xa algunha fortificación, posto que se cita que “la Puerta Principal está derruída”. De 1544 é a traza e bases para a construción da Torre do Relo-

xo. No seguinte ano disenos que se levanta a Porta Principal (trátase da mesma derruída en 1533?). En 1550 cítase que “está a punto de rematarse la obra de la muralla, con sus torres, sobre Puertas Principales”. En 1558 acórdase a construción da Torre do Príncipe.

En 1579 o enxeñeiro real de Felipe II estuda a defensa da vila e as reformas que se han realizar. Isto fai supoñer que o plano que nos lega corresponde a un recinto xa concluído, que require reforzamento na súa fronte máis accesible, a Palma actual, proxectando un baluarte que elimina a vella fortaleza.

A partir desta visita, intensifícanse os traballos de fortificación en Monterreal. En 1580 remátase a obra da muralla de Monterreal. Nos anos 1581, 1587 e 1589 realízanse pagamentos por traballos na muralla.

A diversidade de marcas son un testemuño da actividade dos canteiros durante 150 anos, sendo o último terzo do século XVI o de máxima actividade. O que nos permite chegar á conclusión de que o recinto actual de Monte do Boi ten a súa orixe en 1337, cando o rei Alfonso IX autoriza ao concello da Vila de Baiona a construción dunha torre, *con la ayuda de toda la Merindad de Toroño*.

O 11 de xuño de 1390 o rei de Castela Juan I ordena aos veciños da vila de Baiona que *se despueble el lugar donde agora está poblado y se pueble en (Monte do Boi) y fagan cerca nueva para los lugares y a la manera y al término que les dijera Lopes de Dávalos de nuestra parte*. Non temos ningún dato que o confirme, pero pola lectura do pergamiño real comentado, deducimos que a cerca nueva que se constrúe baixo a supervisión do Condestable de Castela, López Dávalos, é o recinto amurado, con seis cubos, porta de acceso, todo un recinto que abrangue un cubo de maiores dimensións, que ao noso entender representa a torre construída por orde do rei Alfonso XI, perfís que se reflicten na ampliación da traza do enxeñeiro de Felipe II e que reproducimos na lámina 7. Por todo o exposto, consideramos que a *fortaleza* comentada representa o primeiro recinto amurado construído en Monte do Boi, para acubillo e defensa dos veciños de Baiona.

En 1497 os Reis Católicos fundan a Vila de Monterreal no vello Monte do Boi. A pesar da promesa de López de Haro, en 1505 aínda non se comezaran as defensas de Monterreal, que non teñen nada que ver coa fortaleza xa existente. En 1520 o emperador Carlos V ordena fortificar Monterreal. En 1533 xa existe algún baluarte defensivo, xa que se cita que a actual Porta real *está arruinada*. En 1540 acórdase a construción da Torre do Reloxo. Entendemos que se trata dun anexo á Porta do Sol, o cal demostra que Monterreal xa ten muros defensivos, compostos por baluartes máis ou menos robustos que se estenderían pola vella torre de 1337 e cubriría todo o flanco de Monterreal que nos leva cara á Porta Real, quizais máis alá, chegando aquelas defensas á altura da porta de San Antón.

En 1558 acórdase a construción da Torre do Príncipe, polo que deducimos que os lenzos da muralla que soportarán esta torre xa estaban construídos e polo que consideramos que nese momento Monterreal xa dispón de muros defensivos en todo o seu perímetro.

En 1579 o enxeñeiro de Felipe II levanta a traza do recinto da Vila de Monterreal e diseña defensas para o Baluarte do medio, a Torre do Reloxo e a Porta do Sol. Os 250 signos lapidarios recollidos nas láminas son característicos da arquitectura gótica. Un 7% dos mesmos, todos alfabetiformes, corresponden ao románi-

co, considerando que os perpiaños puideron ser reutilizados, procedentes de edificios máis antigos. Parece un tanto incongruente que, na actualidade, unha muralla de características arquitectónicas propias da orde gótica, dispoña dun ameado característico do románico (véxanse os lenzos que partindo da Porta Real nos levan ata o baluarte de San Antón e a partir da Torre do Príncipe ata a Porta do Pozo).

Carecemos de datos arqueolóxicos e documentais que deiten luz sobre os espazos escuros deste relato cronolóxico. Tamén estimamos que as discrepancias e aparentes anacronismos xurdidos no relato documental proceden da cuantificación esaxerada na exposición dos Concellos da Vila, cando solicitan da monarquía axudas para a defensa de Monterreal, dando sempre a sensación de carencia de defensas ou da súa ruína, pero no noso percorrido pola documentación de que dispoñemos, a partir de 1497 hai peticións constantes de defensa protectora da nova poboación de Monterreal, que se prolongan ata o reinado de Felipe II, momento no que se demostra que o contorno amurallado da nova vila estaba rematado uns anos antes, entre 1520 e 1550.

NOTAS

- 1 Taboada Táboas, Antonio: *Fontes, laxes e outeiros*. Boletín do Instituto de Estudios vigoeses. Nº 10, Vigo, 2004, pp. 205-217.
- 2 Domínguez Fontenla, Juan: *Signos lapidarios de la catedral de Orense*. Boletín de la Comisión Provincial de monumentos de Ourense. Nº 224. Ourense, 1935. páx. 402. Reproduce unha serie de signos recollidos e publicados en Faro de Vigo por Herminio Ramos González. Esta mesma táboa inclúea o doutor Ferrer Benimeli, J.A na súa comunicación *Los signos lapidarios en España, comparación morfológica*, Actes du Colloque International de Glyptographie de Nîmes, 1980, páx. 134. Os signos lapidarios que se inclúen nas láminas I, II e III corresponden ás táboas aportadas polo que subscribe ás Actes du VI Colloque International de Glyptographie de Samoens: *Monografía sobre las marcas de canteros localizadas en los sillares de la muralla de Monte Boi (Monterreal)*.
- 3 Nº 4 dos Pergaminos Reales que se conservan no Arquivo Municipal de Baiona: en coiro e moi deteriorado, as súas dimensións son 270 x 240 mm. Letra de albaeas.
- 4 Pergamiño que se conservaba na Fundación Penzol de Vigo, tamén en coiro; as súas dimensións son 420 x 280 mm. Letra gótica, redonda, de fácil lectura. Moi deterioradas as súas marxes laterais, así como a conseguinte ilexibilidade nos sucos formados ao pregarse o documento e con algúns rotos por dita causa.
- 5 Esta cédula conservábase no Arquivo Municipal de Baiona. Pérdese en 1882. Referencias tomadas de *Baiona antigua y moderna*, De Santiago, José y Nogueira, Ulpiano. Madrid, 1902, pp. 63-68.
- 6 García Oro, J. e Portela Silva, M.J.: *Baiona y el espacio urbano tudense en el siglo XVI*. Santiago de Compostela, 1995, pp. 42-49.
- 7 Íbidem.
- 8 Íbidem.
- 9 Íbidem.
- 10 Íbidem.
- 11 García Oro, J. e Portela Silva, M.J.: *Baiona de Miñor en sus documentos*. Santiago de Compostela, 1995, pp. 254-255.
- 12 Íbidem (6 e 8 de xaneiro de 1580), pp. 278-281.
- 13 Os precedentes autores e o mesmo título, páx. 281 e seguinte.
- 14 Íbidem, páx. 289 e s.
- 15 Íbidem, páx. 348.
- 16 Íbidem, páx. 338 e s.
- 17 Apuntes inéditos do que foi Cronista da Vila de Baiona, D. Herminio Ramos González. Biblioteca Municipal de Baiona, páx. 13.
- 18 Íbidem, páx. 18.
- 19 Íbidem, páx. 30.

- 20 García Oro, J. e Portela Silva, M.J.: *Baiona de Miñor en sus documentos*. Pontevedra, 2003, pp. 23, 25, 28 e 31. Gonçalo Lorenzo, mestre de cantería, presenta ao Correxedor da Vila as súas condicións para a construción da Torre do Reloxo, poñendo a obra en “dos mill e quinientos maravedis la braça”. O tamén mestre canteiro Alvaro Yanes oferta por dita obra “en dozientos ducados pagados por terçios”. Como terceiro opositor, Gonçalo Lorenzo remata dita obra en dous ducados menos que Alvaro Yanes. Como non hai diñeiro nas arcas para facer fronte á obra rematada, o Consistorio acorda “tomar los dineros que fuere menester de qualquier manera prestados para volver a donde se tomaren los dineros necesarios de qualesquiera dineros que la dicha villa tenga en qualquier manera prestados”. Por último, preséntase Juan de Castineira, do mesmo oficio que os precedentes, e remata a obra da Torre do Reloxo en “dozientos ducados menos honze ducados”. Documentación de interesante lectura pola información que nos aporta para a cronoloxía da obra mentada, tipo de pedra, labras das mesmas e o seu asentamento nos muros, dentro dunhas medidas establecidas.
- 21 De Santiago, José e Nogueira, Ulpiano: *Baiona antigua y moderna*. Madrid, 1902, páx. 183.
- 22 Íbidem, páx. 184.
- 23 Apuntes inéditos de D. Herminio Ramos González. Biblioteca Municipal de Baiona, páx. 178.
- 24 Íbidem, páx. 16.
- 25 Íbidem, páx. 121.
- 26 De Santiago, José e Nogueira, Ulpiano: *Baiona antigua y moderna*. Madrid, 1902, páx. 185.
- 27 Apuntes inéditos de D. Herminio Ramos González. Biblioteca Municipal de Baiona, páx. 108.
- 28 Íbidem, páx. 9.
- 29 Barreiro, Martín: *2.000 años de historia del Castillo de Monterreal*. Vigo, 1966, páx. 33.
- 30 Apuntes inéditos de D. Herminio Ramos González. Biblioteca Municipal de Baiona, páx. 141.
- 31 Barreiro, Martín: *2.000 años de historia del Castillo de Monterreal*. Vigo, 1966, páx. 31.
- 32 Apuntes inéditos de D. Herminio Ramos González. Biblioteca Municipal de Baiona, páx. 179.
- 33 Barreiro, Martín: *2.000 años de historia del Castillo de Monterreal*. Vigo, 1966, páx. 29.
- 34 Explicación dos números que se expresan no interior do recinto de Monterreal, plano nº 9: 1. Recinto antigo; 2. Porta Real; 3. Torre da Tinalla; 4. Bateria de San Antón; 6. Bateria e Torre do Príncipe; 7. Bateria de Santiago; 8. Porta do Pozo ou de San Francisco; 9. Bateria da Ferraría; 10. Porta e Almacén de Madruga; 11. Segundo recinto ou falsa braga; 12. Baluarte da Cuncheira; 13. Baluarte do Medio; 14. Baluarte do Reloxo; 15. Baluarte da Ponte; 16. Porta do Sol; 17. Media lúa do Caranguexo; 18. Media lúa do Condestable; 19. Espigón; 22. Pozo; 23. Cisterna.

*(Escaneado de láminas e planos: Antonio Veiga González)

Baiona de Miñor. XI-2005

